

TERRA, MAR E IDENTIDADE

SUSO DE TORO*



Suso de Toro, escritor, xunto a Adela Figueroa, presidenta de Adegga

Estamos diante dunha mobilización moral e integral das mellores enerxías do país, da xente máis comprometida, que este verán se volveu ver atinxida por unha nova catástrofe ecolóxica. O noso país é apercebido desde fóra como algo obsoleto, rancio, unha das sociedades que, xunto a elementos caducos, momificados e mesmo mortos, ten elementos de vida nova e contemporánea. Galiza é unha nación internamente conflitiva entre o novo e o vello. Nese sector da sociedade máis novo e mobilizado levamos unha xeira de 3 ou 4 anos en que nos vimos obrigados a mirarnos no espello do noso territorio e ver que, efectivamente, o noso país é a TERRA, é o LAND. Na conciencia máis histórica dos galegos/as identificabámonos coa TERRA, e agora curiosamente no século XXI, os modernos renovamos esa visión de que a nosa identidade individual e colectiva enlaza co telúrico, coa terra e o mar, coa orixe, co máis remoto, co máis inhumano. Nós somos xente dun

tempo no que todo o humano, o progreso, a xustiza, a mellora da calidade de vida ten que ver coa civilización, coa urbe, coa cidade. Todas as cousas boas, nobres e que nos permiten unha vida mellor teñen que ver cos espazos construídos por nós mesmos. Nembargante,

"Levamos 3 ou 4 anos en que nos vimos obrigados a mirarnos no espello do noso territorio e ver que, efectivamente, o noso país é a TERRA, é o LAND"

somos os "urbanitas", os contemporáneos os que botamos unha ollada cara ao remoto e inhumano: o MONTE.

Houbo un tempo no que non había humanos, nin espazos humanizados (aldeas, vilas, cidades) e todo era o mundo orixinal, unha terra e mar sen xente. Logo a nosa especie comezou o

proceso da mundialización, estendéndose desde África a outros territorios. A partires de aí comezou a haber unha dialéctica entre o humano e o inhumano rodeada polo BOSQUE. O bosque era o mundo do misterio, do non humano, dos deuses, era o lugar sagrado para os celtas, xermanos e antigos romanos. Despois da Idade Media en Europa os homes e mulleres comezan a ocupar territorio e o bosque comeza a retroceder; aínda que seguía sendo o lugar dos bandidos, do medo, dos monstros, do lobishome... Pero, paralelamente, os humanos comezan a facer cidades, queimar os montes, plantar hortas... Ese retroceso dos bosques chegou ata o século XX. En Galiza puido chegar ata finais dos anos 50, quizais o momento en que o territorio estivo máis ocupado.

Eu sempre lle digo á xente que para entender o noso país ten que mirar un mapa topográfico e comparalo con outras paisaxes. Este país ten a metade dos núcleos de poboación do Estado



dade de Galiza foi durante moitos anos a súa raza. No caso dos galegos/as Galiza era unha referencia identitaria. A xente que marchaba sabía o lugar ao que pertencía. E dalgunha maneira nós, os modernos, renovamos esa conciencia de que o noso país é a TERRA. Para nós é moi importante a vivencia na TERRA como parte da nosa conciencia e imaxinario. Cando falamos de monte queimado estamos a falar polo tanto das queimaduras do noso corpo.

Un aspecto da nosa contemporaneidade é ese de ser modernos e telúricos,

"Para nós é moi importante a vivencia na TERRA como parte da nosa conciencia e imaxinario. Cando falamos de monte queimado estamos a falar polo tanto das queimaduras do noso corpo"

ser cidadáns e habitantes dunha terra e dun mar. Estas xornadas atanguen directamente a ese lugar contradictorio e rico que é o da nova conciencia dos galegos e galegas.

**Intervención do escritor Suso de Toro na inauguración das Xornadas sobre os Incendios en Galiza, organizadas por ADEGA o 20 e 21 de outubro de 2006, en Santiago de Compostela.*

español e unha cantidade de topónimos improcesábel. Esta é unha terra ocupada e tatuada con nomes. Cando os seres humanos damos nome a un lugar é unha forma de tomar posesión del. Galiza foi tatuada con moito traballo, incluso se chegaron a posuír os cumios dos Ancares por onde se podían ver as rodeiras dos carros. Os montes máis altos do noso país foron trillados, andados e rodados, as terras foron traballadas e cada penedo, cada curuto, cada fontela, cada regueiro obtivo un nome.

Coa emigración masiva a Europa e a América a partires dos anos 60 e 70 do século pasado, as terras traballadas retroceden e ten lugar o proceso inverso: o bosque avanza. Pero non é o bosque salvaxe porque todo o monte ten dono. Ata ese momento avanzara a civilización, o dominio do home sobre a terra e posteriormente retrocedeu a civilización e avanzou o abandono, a incuria, a desidia. O que foi o monte como forma de economía e vida integral xa non existe hoxe en día. Actualmente,

o bosque só pode ser unha parte da economía mercantil.

Hai un aspecto moi pre-ocupante da paisaxe do noso país, que non é só o abandono do rural, senón o monocultivo dunha especie. Cando países enteiros están dedicados ao monocultivo (cacao, café, etc) son países colonizados e dominados, nos que os seus habitantes non son donos do territorio e dos seus recursos. Non quero ser fundamentalista en relación co eucalipto, mais a situación actual de monocultivo en Galiza é moi prexudicial desde o punto de vista ecolóxico e ten difícil volta atrás.

Falar do monte, tendo en conta que avanzou tanto no noso territorio, é falar do noso corpo físico. A identi-

